CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30 SETEMBRO DE 2010

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a trinta de setembro de dous mil dez, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista:
D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular (PP):
D.ª Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín
D. Miguel A. Naveira Campelo

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
D. Manuel Parga Fernández

Non asisten:
D. Antón Sánchez García (BNG)

Así mesmo asiste:
Interventora municipal: D.ª Laura Gutiérrez Ortiz
O secretario accidental: D. Indalecio Taibo Salorio

ORDE DO DÍA

1.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

2.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, DO CONTRATO DE **PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BERGONDO.**

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO ***REFORMA ALUMBRADO PÚBLICO EN CARRIO.***

4.- ASUNTOS URXENTES

5.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de dar comezo ó debate dos asuntos incluídos na Orde do Día da sesión, a Sra. alcaldesa informa ós/ás concelleiros asistentes que non se enviou o borrador da acta da sesión anterior do Pleno, para a súa aprobación, debido á que pola ausencia da secretaria xeral non se puido asinar a citada acta.

1.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

"Visto o expediente relativo a transferencia de crédito entre aplicacións de gastos correspondentes ó vixente Orzamento da Corporación referentes a conceptos orzamentarios entre diferentes áreas de gasto.

Considerando o disposto nos artigos 179 e 180 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos artigos 40 a 42 do Real-Decreto 500/90 de 20 de Abril, na base 9ª das Bases de Execución do Orzamento, así como o establecido no artigo 14 do Real Decreto-lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público e unha vez visto o informe de Intervención.

PROPOÑO:

1) Aproba-lo expediente de transferencias de crédito, que supón a baixa na contía do crédito das aplicacións que a continuación se establecen e o correlativo incremento do crédito da aplicación que tamén se especifica a continuación:

MINORACIÓN DE APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS	*DENOMINACIÓN*	*IMPORTE*
912/100.00	*Retribucións órganos de goberno*	*4.059,36 €*
912/110.00	*Retribucións básicas persoal eventual*	*16,80 €*
912/110.01	*Retribucións complementarias persoal eventual*	*281,84 €*
150/120.00	*R.B. soldos persoal funcionario, vivenda e urbanismo grupo A1*	*1.022,85 €*
920/120.00	*R.B. soldos persoal funcionario, admón. xeral grupo A1*	*3.097,03 €*
150/120.01	*R.B. soldos persoal funcionario, vivenda e urbanismo grupo A2*	*581,41 €*
230/120.01	*R.B. soldos persoal funcionario, servizos sociais grupo A2*	*1.158,68 €*
130/120.03	*R.B. soldos persoal funcionario, policía local grupo C1*	*1.256,00 €*
920/120.03	*R.B. soldos persoal funcionario, admón.. xeral grupo C1*	*857,06 €*

130/120.04	*R.B. soldos persoal funcionario, policía local grupo C2*	*247,84 €*
920/120.04	*R.B. soldos persoal funcionario, admón.. xeral grupo C1*	*290,73 €*
130/120.05	*R.B. soldos persoal funcionario, policía local grupo AP*	*3,21 €*
130/120.06	*R.B. trienios persoal funcionario, policía local*	*14,52 €*
150/120.06	*R.B. trienios persoal funcionario, vivenda e urbanismo*	*76,16 €*
230/120.06	*R.B. trienios persoal funcionario, servizos sociais*	*40,32 €*
920/120.06	*R.B. trienios persoal funcionario, admón. xeral*	*239,14 €*
130/121.00	*R.C. Complemento destino policía local*	*870,10 €*
150/121.00	*R.C. Complemento destino vivenda e urbanismo*	*514,36 €*
230/121.00	*R.C. Complemento destino servizos sociais*	*485,38 €*
920/121.00	*R.C. Complemento destino admón. xeral*	*2.639,63 €*
130/121.01	*R.C. Complemento específico policía local*	*1.059,37 €*
150/121.01	*R.C. Complemento específico vivenda e urbanismo*	*684,85 €*
230/121.01	*R.C. Complemento específico servizos sociais*	*350,44 €*
920/121.01	*R.C. Complemento específico admón. xeral*	*3.643,07 €*
230/130.00	*R.B. Persoal laboral fixo servizos sociais*	*605,77 €*
920/130.00	*R.B. Persoal laboral fixo admón. xeral*	*1.672,19 €*
920/130.01	*Horas extraordinarias persoal laboral fixo*	*9.750,00 €*
230/130.02	*Outras remuneracións. Persoal laboral fixo servizos sociais*	*357,03 €*
920/130.02	*Outras remuneracións. Persoal laboral fixo admón. xeral*	*2.577,43 €*
920/131.00	*Persoal laboral temporal*	*3.448,07 €*
920/143.00	*Outro persoal*	*94,68 €*
920/150.00	*Produtividade*	*729,17 €*
920/151.00	*Gratificacións*	*873,54 €*

INCREMENTO DE APLICACIÓN ORZAMENTARIA:

PARTIDA	*DENOMINACIÓN*	*IMPORTE*
011/913.00	*Amortización de préstamos de operacións en euros*	*43.598,03 €*

2) Dar conta a Intervención e Tesourería ós efectos de introducir na contabilidade da Corporación os axustes derivados de dito expediente.
O Pleno da Corporación decidirá o que estime máis conveniente
Bergondo, 15 de setembro de 2010=A alcaldesa=Asdo. Alejandra Pérez Máquez "

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: como se di na proposta, é unha obriga xa establecida no Real decreto lei 8/2010, pero que ten que vir ao Pleno. Despois de amortizar o prestamo con estes cartos, o saldo a finais de ano será de catrocentos setenta e tres mil euros.
A continuación a Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle e di: aínda que se trata da primeira baixada de salarios da democracia na función pública, e, dende o noso punto de vista, unha medida impopular, si nos parece un acto de responsabilidade e sensato que o seu destino sexa amortizar débeda, polo que o noso voto vai ser favorable.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

2.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BERGONDO.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

"EXPTE.: 001/2010 SER

Asunto: Adxudicación provisional do contrato que ten por obxecto a prestación do servizo de Axuda no Fogar do Concello de Bergondo, mediante procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de valoración, e tramitación ordinaria

O Pleno Municipal en sesión do 15 de xuño de 2010 acordou, entre outros, incoar o expediente de contratación para a ***prestación do servizo de Axuda no Fogar no Concello de Bergondo****, mediante a forma de procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de valoración, sendo o* ***orzamento*** *máximo de licitación o seguinte:*

Prezo hora SAF básica e dependencia luns a sábados: 12,50 € (sen IVE)

Prezo hora dependencia domingos e festivos: 14,00 € (sen IVE)

Ano	*Estimación horas/ano SAF dependencia luns-sábado (evolución de 5% por ano)*	*Estimación horas/ano SAF dependencia domingos e festivos (evolución 5% por ano)*	*Estimación horas/ano SAF básica*	*TOTAL PREZO (Sen IVE)*
1º (2011)	*29.000*	*1.000*	*1.500*	*395.250,00*
2º (2012)	*30.450*	*1.050*	*1.500*	*414.075,00*
3º (2013)	*31.973*	*1.103*	*1.500*	*433.854,50*
4º (2014)	*33.572*	*1.158*	*1.500*	*454.612,00*

Ano	*€ por horas dependencia luns –sábado 13,00 €/hora*	*€ por horas dependencia domingos – festivos 14,56 €/hora*	*€ por horas básica 13,50 €/hora*	*TOTAL (Con IVE)*
1º (2011)	*377.000,00*	*14.560,00*	*20.250,00*	*411.810,00*
2º (2012)	*395.850,00*	*15.288,00*	*20.250,00*	*431.388,00*
3º (2013)	*415.649,00*	*16.059,68*	*20.250,00*	*451.958,68*
4º (2014)	*436.436,00*	*16.860,48*	*20.250,00*	*473.546,48*

Previsión de que os dous anos de prórroga manteranse as horas de dependencia e de básica, polo que o importe por cada ano de prórroga será de 473.546,48 euros.

De acordo cos trámites seguidos no expediente e de conformidade coa acta núm. 4 da Mesa de Contratación do día 13 de agosto de 2010, ***proponse ó Pleno que,*** *previo exame do expediente,* ***adopte o seguinte acordo:***

Primeiro*:* ***Adxudicar provisionalmente*** *á empresa que obtivo maior puntuación,* ***SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS****,* ***SL****, con CIF nº B27348614, con domicilio social en C/Manuel Leiras Pulpeiro, s/n, do concello de Lugo, CP 27004, representada por don Dionisio Pérez Castro, con DNI núm. 33858049W, o contrato de servizos para a "PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BERGONDO", no seguinte prezo:*

- Prezo hora SAF básica e dependencia luns a sábados: ONCE CON CINCUENTA EUROS (11,50 € SEN IVE)

- Prezo hora dependencia domingos e festivos: DOCE CON SESENTA EUROS (12,60 € SEN IVE)

Do que resulta o seguinte orzamento total de adxudicación que se desglosa a continuación:

SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L

	horas dependencia L-S	*horas dependencia D-F*	*Horas SAF básica*		***total por ano***	***prórroga***
Prezo sen IVE	*11,50 €*	*12,60 €*	*11,50 €*			
	29000	*1000*	*1500*		*363.350,00 €*	
	30450	*1050*	*1500*		*380.655,00 €*	
	31973	*1103*	*1500*		*398.837,30 €*	
	33572	*1158*	*1500*		*417.918,80 €*	*835.837,60 €*
				total sen ive	*1.560.761,10 €*	*2.396.598,70 €*
Prezo Con IVE	*11,96 €*	*13,10 €*	*12,42 €*			
	29000	*1000*	*1500*		*378.570,00 €*	
	30450	*1050*	*1500*		*396.567,00 €*	
	31973	*1103*	*1500*		*415.476,38 €*	
	33572	*1158*	*1500*		*435.320,92 €*	*870.641,84 €*
				total con ive	***1.625.934,30 €***	***2.496.576,14 €***

O dito prezo supón unha baixa respecto ó importe máximo de licitación, incluídas as prórrogas (valor estimado do contrato), de douscentos dez mil catrocentos dezaseis euros con oitenta céntimos, sen IVE (210.416,80 €), e douscentos dezanove mil douscentos dezanove euros con noventa e oito céntimos IVE incluído, (219.219,98 €), de acordo coa oferta presentada, rexistrada co núm.5624 con data 22/07/10.

***Segundo**: Publicar a dita adxudicación provisional no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante, na páxina web deste concello, de acordo co establecido nos arts. 42.2 e 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (en adiante LCSP) e na cláusula 17 do prego que rexe esta contratación.*

***Terceiro** – **Notificar este acordo á entidade adxudicataria**, para que no prazo de quince (15) días hábiles, dende o seguinte ó da publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante, de acordo co artigo 135.4 da LCSP da citada Lei e o Prego de cláusulas administrativas que rexen esta contratación **presente**:*

*a) **Documentación xustificativa** de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación das certificacións expedidas polo órgano competente.*

b) Constituír unha garantía definitiva por un importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, que resulta ser de 78.038,05 euros, segundo o disposto nos artigos 83 e 84 da LCSP.

***Cuarto**– A adxudicación provisional elevarase a definitiva no prazo de dez (10) días hábiles, seguintes a aquel no que remate o prazo sinalado no apartado anterior, sempre que*
durante o citado prazo o adxudicatario provisional presentase a documentación sinalada e constituíse a garantía definitiva, segundo o artigo 135.4 parágrafo 3º LCSP.

***Quinto**– Dispoñer dun gasto para o ano 2011, por tratarse dun contrato de tramitación anticipada, por importe, sen IVE, de trescentos sesenta e tres mil trescentos cincuenta euros con cero céntimos (363.350,00 €), e con IVE, de trescentos setenta e oito mil quinientos setenta euros con cero céntimos (378.570,00 €), correspondente ó importe de adxudicación.*

***Sexto** – Notifica-lo presente acordo ó adxudicatario e demáis participantes nesta oferta.*

***Sétimo**- Delegar o acordo de adxudicación definitiva do presente contrato na Xunta de Goberno Local.*

De tódolos xeitos o Pleno Municipal decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 17 de setembro de 2010=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: foi o Pleno o que incoou o expediente de contratación, polo que debe ser tamén o que faga a adxudicación provisional. Os concelleiros tiveron a oportunidade de ver todo o expediente, e a Mesa de contratación despois de ver todas as ofertas presentadas, logo das valoracións, tanto económicas como as melloras, e as referencias técnicas, estimou que esta é a empresa que ofrece a mellor oferta para o concello.

A Sra. voceira do PP, manifesta: dende o Partido Popular apostamos polos servizos sociais públicos e de calidade, e, sobre todo, cando a nivel de Galicia nos encontramos con máis de vinte mil persoas dependentes e cun incremento dun cento corenta e sete por cento neste ultimo ano, por iso o noso voto vai ser favorable.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO *REFORMA ALUMBRADO PÚBLICO EN CARRIO.*

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:
*"Este concello pretende realizar as obras para a "**Reforma alumbrado público en Carrio",** polo que se solicitou a elaboración do correspondente proxecto e requiriuse ós servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dun informe sobre o mesmo, realizado con data 16 de setembro de 2010.*
En base ó exposto, proponse ó Pleno que, unha vez examinada a documentación que consta no expediente, adopte o seguinte acordo:
***Primeiro**.- Aproba-lo proxecto nomeado "**Reforma alumbrado público en Carrio",** cun importe sen IVE de 171.886,20 euros, IVE de 30.939,52 euros, que supón un total de **202.825,72 euros**, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, don Antonio Sabín Vázquez, colexiado núm. 2233.*
***Segundo**.- Declarar expresamente que o concello comprométese a realizar tódolos trámites necesarios para ter a plena dispoñibilidade dos terreos.*
***Terceiro**.- Comunica-lo presente acordo ós servizos técnicos municipais co fin de que se proceda a formaliza-la acta de replanteo, requisito previo para a tramitación do expediente da contratación.*
***Cuarto.-** Facultar expresamente á Sra. alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*
Bergondo, 17 de setembro de 2010 =A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: independentemente de que hoxe se aprobe este proxecto, estamos pendentes da sinatura dun Convenio coa Deputación, xa que o concello non dispón neste momento de partida orzamentaria para asumir este proxecto. Seguimos na liña que iniciamos en Plenos anteriores de reformar alumeados que nos están supoñendo un sobre custo de enerxía moi grande, onde se poida soterrar, e, sobre todo, cambiando báculos e puntos de luz por outros de baixo consumo.
A Sra. voceira do PP, manifesta: dende o Partido Popular non cuestionamos a necesidade da obra, nin os cálculos xustificativos do proxecto, as medicións nin a calidade do material; o que si cuestionamos o presuposto. A nosa discrepancia fundamentase en catro puntos, o primeiro é que partida por partida dispoñemos de presupostos un dez por cento máis barato no subministro de material, incluso hai empresas que nos deron un vinte por cento.

Na folla final do presuposto xa se contempla un beneficio industrial máis gastos xerais, polo tanto non procede un beneficio de seis mil euros máis o seis por cento que se contempla; por outra parte á hora de valorar o custo dun camión-grúa con cesta para o cambio das luminarias, que serían cento setenta e sete e cento cincuenta e dous euros, respectivamente, cometeron un erro de vulto, e digo isto porque na zona este servizo con estas características custa trinta e cinco euros a hora, fronte ós cento setenta e sete e cento cincuenta e dous que aparecen no presuposto; aínda así, este presuposto, sendo elevado, podería ser aceptable para a montaxe dunha sola luminaria, pero estamos a falar de cento cincuenta e unha unidades. Polo tanto o sobre custo sobrepasa os dezanove mil euros, por un lado, e seis mil por outro; levamos vinte e cinco.
Por outro lado, parece lóxico que cando se funde unha lámpada e se desmonte, se substitúa nese intre por unha nova, con este razoamento parécenos lóxico que non se gastase, por un lado en desmontala dous mil cincocentos euros, para logo volver con outra grúa a facer outra vez o traballo; polo que estaríamos a falar dun incremento de dous mil catrocentos noventa e nove euros.
O carto punto no que discrepamos é que se nun vial de dobre carril e beirarrúa, temos un báculo cun brazo de metro e medio, cabe supoñer que nun vial que non sobrepasa os catro
metros sería suficiente un brazo de un metro que son os que están na actualidade, polo que pensamos que habería que cambiar algún, pero non a totalidade e estaríamos a falar de tres mil cincocentos vinte e sete euros.
A conclusión é que esta contratación tería que adxudicarse por non menos dun vinte por cento a un vinte e cinco por cento á baixa con respecto ó importe total da adxudicación material e consideramos que deberíamos ver outros presupostos para comparar con este.
Tamén temos unha dúbida respecto a que se fala de cincocentos trinta e dous metros de gabia, queremos saber por onde vai, xa que onde están os báculos, o longo da xeral xa está soterrado; ¿non valen os tubos?, cal é o motivo.
Sra. alcaldesa: efectivamente, non valen os tubos en moitos deles. Vostede estame a falar duns prezos que si poden ser máis baratos noutros sitios, que os do proxecto poden ser algo desmesurados. Xa lle digo de antemán que este é un procedemento aberto, non polo que diga o Partido Popular ou outros, senón porque así o di a Lei de Contratos, se presentarán as empresas que queiran e cada unha fará a oferta que estime conveniente e pódolle dicir a modo de exemplo que estamos tendo nalgúns procedementos baixas de arredor dun trinta por cento, e isto tamén está pasando noutras Administracións.
Se este proxecto estivera sobrevalorado, a propia empresa ó facer a súa proposta para a Mesa de contratación o terá en conta, este concello, como calquera outra Administración, vai facer o posible por facer o máis barato. Por iso non é cuestión de pedir agora outros presupostos, o proxecto é o que é, no momento da contratación serán as empresas que se presenten as que farán o posible para presentar ofertas para facelo o máis barato posible. Ademáis neste caso será a oferta económica a condición principal á hora de adxudicar o contrato.
Sra. voceira do PP: moi ben, pero dende o Partido Popular temos que velar polos cartos dos nosos veciños, e facer un estudo, que é o que lle estou a explicar.
Non aparecen reflectidos os gastos de sinalización e seguridade ¿non están contemplados?, xa que despois sería o presuposto máis estes gastos.
Sra. alcaldesa: os gastos de sinalización son a conta da empresa, na firma do contrato xa se lles fai referencia.
Sra. voceira do PP: a votación do Partido Popular é en contra, e, non estamos en contra do proxecto, senón do presuposto.

Toma a palabra o Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro, e di: nos imos votar a favor deste proxecto, porque ademáis supón un aforro importante cunha pequena inversión no noso patrimonio

eléctrico, pero o que si lle pido se podería elaborar un mapa de aquelas posibles actuacións futuras que se teñan que establecer no concello partindo daqueles lugares que teñen máis consumo e esta máis vello o alumeado; digo isto porque á hora de elixir é mellor ter un mapa ben claro das iluminacións públicas que teñen máis consumo e son máis vellos, e poder elixir. O noso voto é a favor.
Sra. alcaldesa: só indicarlle que ó día de hoxe este concello xa dispón doutros proxectos que están pendentes de financiamento, ben por parte doutra Administración, ou ben por parte de financiamento local; é dicir, hai outros puntos que xa teñen feito ese estudo de mellora de iluminación pública; pódolle citar dúas estradas en Guísamo, en Ouces outra, que están previstos para que no futuro se poidan incluír nalgunha subvención.

O Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández manifesta: nós imos votar a favor, non imos cuestionar o proxecto asinado por un técnico competente.

A continuación procedese á **votación** da proposta da Alcaldía , que tivo o seguinte resultado:
Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: un (1) voto a favor.
Total: nove (9) votos a favor e tres (3) en contra.

4.- ASUNTOS URXENTES.

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta ós voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a esta convocatoria.

A Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle manifesta que o seu partido presenta unha Moción relacionada co PEIM rural, xustifica a urxencia na necesidade de infraestruturas no medio rural.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

4.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN CO P.E.I.M. RURAL 2009/2010. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación a Sra. voceira do PP, da lectura a moción presentada, que transcrita literalmente di:
" EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:
A Consellería do Medio Rural elaborou un Programa de Infraestruturas no Medio Rural para os anos 2009-2010, denominado P.E.I.M. Rural 2009/2010 (Proxectos Estratéxicos de Infraestruturas no Medio Rural), que tiña como finalidade a realización de investimentos en servizos básicos para a poboación rural.
A dotación para a realización destes investimentos é de 55,5 millóns de euros distribuídos en 27 para o ano 2009 e 28,5 para o 2010, financiándose nas dúas terceiras partes polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino (en adiante Ministerio), e pola Xunta de Galicia o terzo restante.

A situación grave que se está a producir no PEIM do 2010 é que a parte da Xunta de Galicia (9,5 millóns) está presupostada e disposta para comprometer e executar, e sen embargo, o Ministerio nin presupostou os 19 millóns de euros que lle correspondía como compromiso nin temos coñecemento que teña vontade de facelo.
Dadas as necesidades en infraestruturas do medio rural que ten o noso concello, compre que tanto a Xunta de Galicia como o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino cumpran os seus compromisos, xa que do contrario se estaría causando un grave prexuízo aos veciños/as do noso Concello e ao desenvolvemento do rural en xeral.
Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular de Bergondo somete para a súa toma de consideración polo Pleno da Corporación as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:
PRIMEIRA: Instar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino a cumprir as obrigas e compromisos adquiridos no PEIM Rural 2009/2010, de tal xeito que con cargo aos seus respectivos Orzamentos de 2010 a Xunta aporte 9,5 millóns de euros e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino 19 de millóns de euros, o que permitirá que a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia poida proceder á licitación, contratación e execución das obras que benefician a este Concello na anualidade de 2010 e polo importe que o goberno bipartito da Xunta de Galicia xa comunicara no seu momento.
SEGUNDO: Dar traslado destes acordos á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino.
Bergondo, 29 de setembro de 2010=Portavoz Grupo municipal PP Bergondo=asdo."

Continua a Sra. voceira e di: a moción xa explica perfectamente cal é a situación; no ano 2008 elaborouse pola Consellería do Medio Rural, naquel momento polo Bloque Nacionalista Galego, un programa estratéxico de infraestruturas; a dotación orzamentaria dese Plan estaba fixada en cincuenta e cinco con cinco millóns de euros distribuídos vinte e sete para o ano 2009 e vinte e oito con cinco para o 2010. Estamos ante unha grave situación, porque a parte da Xunta está presupostada disposta para comprometer e executar, pero por parte do Ministerio nin presupostou os dezanove millóns de euros, nin hai un compromiso manifesto de facelo. Se neste momento o ministerio se comprometera a aportar a contribución á Xunta de Galicia, aínda se estaría a tempo de executar o PEIM-2010, iniciando os trámites neste ano e executando as obras no 2011; no caso de Bergondo, os cincuenta e seis mil cento cincuenta e catro con setenta e nove euros que lle correspondían, en caso de que non se chegue a un acordo co Ministerio encontrariamos con que recibiría un terzo do total, polo tanto, consideramos que é necesario instar.
Sra. alcaldesa: por parte do grupo socialista non temos problema en aprobar esta moción, pero si con matices; saben vostedes que o PEIM-2009 esta aínda sen executar, asináronse os convenios co conselleiro no mes de marzo, e a previsión da Xunta era que se executaran na primavera; a día de hoxe están sen executar. Ó Concello de Bergondo correspóndelle o camiño de Vixoi a Miodelo, adxudicado provisionalmente cunha proposta do dezasete de agosto colgada na plataforma de contratación da Xunta o catorce de setembro, co cal agora só falta a adxudicación definitiva e a sinatura do contrato e por fin se poida executar esa obra que está sendo moi demandada neste concello.
Recibimos por parte do conselleiro de Medio Rural, e tamén da ministra, unha serie de escritos nos que se botan a culpa entre a consellería e o ministerio. O ministerio di que tampouco pode poñer a disposición os cartos da Xunta de Galicia mentres esta non teña licitado o PEIM do ano 2009, co cal entendo que, ademáis, neste acordo estamos instando tanto á Xunta como ó Ministerio para que cumpran as obrigas, e non temos ningún problema; iso si, insistimos que dende o Ministerio sempre se apoiou o PEIM e as infraestruturas do Medio Rural, de feito estes últimos tres anos se achegaron a Galicia máis de corenta e seis millóns de euros, co cal si hai ese compromiso de seguir facendo no vindeiro ano. En todo caso se o

Ministerio non o fai, a este concello lle corresponden dezaoito mil euros, e, se pon a súa cantidade, serán cincuenta e seis mil.
O Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro di: nós imos apoiar a moción, además entendemos que estas peloteas entre o goberno central e o autonómico non deben chegar nunca a estes concellos; a cifra que manexamos é moi importante para un concello como este e vostede que son do PSOE e do PP, deberían facer máis esforzos para que isto non chegara a este nivel.
O Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández manifesta: insistir tamén en que non imos entrar nesta liorta que polas alturas levan o PP e máis o PSOE, dicir que, como dicía a Sra. alcaldesa as obras do 2009 están practicamente sen iniciar, entón antes do 31 de decembro hainas que executar, certificar, xustificar, etc. e se non se axiliza o trámite non vai dar tempo. Nós o que propoñemos é engadir un apartado máis na proposta, no sentido de axilizar a tramitación e pedir unha prórroga para a ampliación dos trámites e que non remate o 31 de decembro.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a Moción presentada polo PP, engadindo un apartado á proposta incluída na citada Moción, polo que queda do seguinte xeito:
PRIMEIRA: Instar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino a cumprir as obrigas e compromisos adquiridos no PEIM Rural 2009/2010, de tal xeito que con cargo aos seus respectivos Orzamentos de 2010 a Xunta aporte 9,5 millóns de euros e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino 19 de millóns de euros, o que permitirá que a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia poida proceder á licitación, contratación e execución das obras que benefician a este Concello na anualidade de 2010 e polo importe que o goberno bipartito da Xunta de Galicia xa comunicara no seu momento.
SEGUNDA: Solicitar a axilización na tramitación polo Organismo correspondente, dos expediente iniciados para o ano 2009, e, así mesmo, a ampliación do prazo para a execución, aprobación de certificacións e demáis trámites necesarios, dado que o actual remata o 31 de decembro de 2010.
TERCEIRA: Dar traslado deste acordo á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino."

5.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 26 de xullo ata o 24 de setembro de 2010, numerados do 522/2010 ó 643/2010. O Pleno queda enterado.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

O Grupo municipal do Partido Popular presentou os seus Rogos e Preguntas o día 29 de setembro, co núm. do rexistro de entrada: 7659. A Sra. voceira do dito grupo, Silvia M.ª Vàzquez Cardelle, pasa seguidamente a formulalos; son os seguintes:

ROGOS:
1.-.Punto de luz en Bergondiño. Camino que sube a la parte trasera del monasterio desde Bergondiño.

2.- Retirar los postes en el tramo de arriba de la plaza de Guísamo. Recordar que hay un acuerdo con Fenosa en casco urbano que es obligatorio soterrar.
Sra. alcaldesa: nos proxectos ós que lle facía eu referencia de remodelación do alumeado, xa contempla iso na estrada de Cambre.

3.- Camino Centro de Minusválidos (camino que sale a la depuradora). Arreglo del mismo. Ya fué solicitado por registro hace dos meses y demandado por los usuarios del Centro.

4.- Debajo del puente de Cortiñán. Realización de aceras, senda peatonal.... buscar una solución al problema existente en la zona.
Sra. alcaldesa: é un sitio tan estreito que ás veces nin caben os vehículos, en todo caso será unha senda moi estreita.

5.- N-VI: Instalar un semáforo en Raxás a petición de los vecinos de la zona. Instar al órgano competente para su estudio. Informar sobre la última reunión con Fomento. Soluciones a la alta siniestralidad en la misma.

Sra. alcaldesa: o día 17 na reunión con Fomento o que lles transmitín foi a alta siniestralidade en Raxás, en Guísamo, basicamente comezando dende o cruce da estrada de Ferrol. O proxecto do que varias veces falamos aquí, e do que se ten falado en prensa, de toda a remodelación da N-VI, é un proxecto ambicioso que se está redactando, pero que dada a situación económica actual non ten previsión de que se vaia facer a curto prazo; o que si se vai facer é outro proxecto paralelo que é o reforzo do firme, e, aproveitando iso vanse ter en conta todas estas cuestións relativas á seguridade viaria, tanto en Raxás como en Cortiñán, ben sexa a través de semáforos ou a través de sinais, ou incluso facendo a través da mediana un descanso de tal forma que a xente poida cruzar ata o medio da estrada e despois o outro medio, como está pasando en Guísamo. Estase a estudar polos técnicos da Dirección Xeral cal é a mellor opción e nos propoñerán as súas solucións. O que tamén nos dixeron que se pedira canto antes e que se insista no proxecto do reforzo do firme, porque aproveitando iso sería cando farían todo tipo de melloras, incluídas novas sinais e pintado da estrada.

6.- Solución al camino que sale al chiquitero del Centro de Salud. Viabilidad de que sea en sentido único.
Sra. alcaldesa: estudarase algunha solución.

7.-Reposición de la señal de stop en Outeiro n.º 4 (Cortiñán).

8.- Bacheado en Peteiro (lugar del Curro). Socavón.

9.- Inundaciones en O Caño. a pesar de que se han hecho mejoras el problema sigue sin solucionar por realizar una obra incompleta.
10.- Se han tapado los tubos puestos por los vecinos que recogían las aguas y por otro lado la rejilla no llega hasta la salida de las aguas.

Sra. alcaldesa: vaise ter en conta todo iso porque esa obra non está rematada; non está certificada e iso vaise ter en conta.

PREGUNTAS:

1.- Casa del cura de Guísamo. ¿se va a solucionar el problema de acceso a la vivienda?.
Sra. alcaldesa: falouse xa con el, e vaise solucionar todo o problema.

2.- ¿Cuando se tiene previsto hacer la glorieta en el cruce de Lubre?.
Sra. alcaldesa: volvéuselles a recordar na reunión que mantivemos coa Deputación, e dixéronnos que no mes de outubro estaría lista, senón seguiremos insistindo xa que antes de que remate o ano ten que estar feita.

3.- Depuradora de Gandarío. ¿En qué situación nos encontramos?. Xa limos a prensa e temos, tanto por parte do xefe territorial como polo presidente de Augas, coñecemento, pero se nolo pode explicar.
Sra. alcaldesa: a noticia da prensa non é fiable, porque dicir que para o ano 2011 estará feita é falso; o que si asegurou o director de Augas de Galicia foi que o proxecto estaba listo, soamente pendente do que manifeste Medio Ambiente, que a finais de outubro nos poderían dicir algo máis, que, en todo caso, no 2011 se contemplará nos presupostos da Xunta e que se iniciará o proxecto, o que non quere dicir que se inicie a obra, senón as expropiacións e o que todo elo conleva.
Sra. voceira: e cos terreos ¿qué vai pasar?.
Sra. alcaldesa: non podemos facer nada hasta que non veñan recollidos nese proxecto, iso tamén xa se falou, da posibilidade de facer algún Convenio entre Augas de Galicia e o concello, porque a entidade expropiante debe ser a Xunta, aínda que o concello é o que ten que tramitalas e facer o pago desas expropiacións; a mellor solución que nos dean de Augas de Galicia será a que fagamos.

4.- Libros del cura de Guísamo: ¿se han vuelto a entablar conversaciones para la donación de los libros y la posibilidad de llevarlos a la biblioteca de A Senra?.
Sra. alcaldesa: xa están na Senra, pero están pendentes de limpalos, xa que teñen moita humidade, e de catalogalos; despois, colocalos nunhas estanterías que ó día hoxe aínda non temos.

5.- Carretera de Moruxo. ¿Se ha hecho alguna modificación en el proyecto inicial?.
Sra. alcaldesa: farase algunha modificación, sobre todo con respecto ás beirarrúas. Non temos moitas posibilidades de incrementar o proxecto actual, xa que a empresa foi bastante á baixa polo que temos que adaptarnos a eses prezos, pero si vamos a contar coa liquidación do dez por cento a maiores da Deputación sen ningún problema.

O Grupo municipal de Veciños de Bergondo, presentou as súas Preguntas o día 29 de setembro, co núm. do rexistro de entrada: 7660. O Sr. voceiro do dito grupo, Francisco Manuel Fafián Torreiro, pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:

1.- A estrada que baixa do Monasterio de San Salvador a Bergondiño leva todo o verán levantada e con area, o que supón unha evidente e continua molestia tanto para os usuarios como para os veciños. ¿Cando se vai asfaltar?.
Sra. alcaldesa: é unha obra do FEIL do ano 2010, e no mes de outubro teñen que rematala.

2.- A estrada que dende o lavadoiro de Bergondiño baixa a Sada ten as marcas como si se fora a pintar cando o firme se atopa moi deteriorado ¿vaise pintar sen antes reparala?.

Sra. alcaldesa: nós non a imos amañar, a Deputación tamén estivo facendo o seu Plan de conservación viaria.

3.- Podrían estudiar la posibilidad de alcanzar un convenio para una gestión municipal de los campos de fútbol de Cortiñán y Convento.
Sra. alcaldesa: estudarase esa posibilidade, se é viable.
4.- Van a reparar el firme de la carretera de la Xiroca, en Lubre, que presenta numerosos baches.
Sra. alcaldesa: farase unha valoración nestes próximos días para ver que se pode facer.

5.- Para cuando esta previsto dotar a esta zona de saneamiento, la obra no debe ser muy difícil, en su recorrido final está el registro de la nueva bajante Campiña Corral de la Iglesia.
Sr. voceiro: debería incluírse, porque é construción fácil, xa que temos o punto de entronque abaixo en Lubre, é costa abaixo; dariamos un pouco máis de saída a poboación de Lubre.
Sra. alcaldesa: si, pero de todos modos ó día de hoxe a poboación de Lubre tampouco se pode conectar, mentres non estea feita a depuradora de Gandarío; é cuestión de ir completando a rede de saneamento por todo o concello.

6.- Para cuando se va a finalizar la adecuación de la AC-183, en Rio Mayor estaba prevista una adecuación a semirotonda. En la misma zona sigue faltando la valla de protección al inicio del colector.
Sra. alcaldesa: xa se falou antes da reunión mantida coa Deputación.

7.- En el pasado pleno les pedimos que limpiaran la carretera de acceso de Santa Marta de Babío a la autopista, que sigue sin limpiar, y tampoco se retiraron las señalizaciones obsoletas de 60, ¿tienen pensado realizar estas acciones antes de que acabe el año?.

Sra. alcaldesa: estes próximos días tratarase de facer; alí sempre hai que facer unha previsión con tempo, xa que ou a policía ou protección civil teñen que parar o tráfico.

8.- Los vecinos de Guísamo se quejan del mal olor de los contenedores, ¿cada cuanto tiempo se limpian? ¿podrían reclamar a la empresa concesionaria la revisión y limpieza de los contenedores en todo el concello?.
Sra. alcaldesa: se organizan por zonas, e se limpan unha vez cada seis meses, supostamente se incrementa esa frecuencia no verán. En Guísamo estiveron limpando en xullo e agosto, depende das zonas.

9.- Como sabe la seguridad vial en el entorno de la N-VI no es la mas adecuada, tienen noticias de los planes de Fomento para la mejora, hay alguna noticia del paso de peatones que esta formación pidió en Cortiñán?.
Sra. alcaldesa: ou ben será un paso de peóns, ou pode ser unha isleta na mediana
Sr. voceiro: pero queda contemplado nese futuro proxecto de reforma do firme.
Sra. alcaldesa: ese xa non é futuro, ese é inmediato, o que temos que procurar é que esa inmediatez sexa canto antes.

10.- Los vecinos del entorno de Os Condes, se quejan de la ausencia de pasos de cebra en la zona para cruzar la AC-164 y la AC-163, teniendolo complicado para poder ir a las paradas de autobuses y

farmacia, sobre todo para niños y mayores, ¿podrían solicitar a la Diputación un estudio de mejora de seguridad, así como un plan de mejora.

Sra. alcaldesa: se lle requirirá de novo á Xunta, remitíraselle un escrito cun informe policial, no seu momento, pero se lles recordará.

11.- ¿Podrían estudiar el dotar de un espacio público en Moruxo que contemple además algún elemento biosaludable?. Además é unha das poucas zonas que non ten un parque.
Sra. alcaldesa: estudarase, estamos tratando de dotar a todas as parroquias dos elementos dos parques biosaludables e demais, agora pouco a pouco ben a través de prazas ou a través do parque biosaludable único.

12.- ¿Podría informarnos del estado en el que se encuentra la construcción de la nueva depuradora de Gandarío?.
Sr. voceiro: xa nos falou deste tema, pero eu lle quero dicir que xa leva tres anos de retraso. Fíxose no seu día unha proposta da Xunta de Galicia de que ía estar feita en tres anos, dende o momento que se licitou, iso foi no 2005; levamos un retraso considerable.
Sra. alcaldesa: pero levamos ese retraso porque o contrato anterior rescindiuse e houbo que volver a facelo de novo, cun proxecto novo.
Sr. voceiro: pero todos os esforzos que estamos a facer dende o concello, de dotar de alcantarillado ós veciños se ven mermados porque non se espabila a depuradora.
Sra. alcaldesa: pois precisamente ese é un dos motivos, e así llo expliquei o outro día ó director de Augas de Galicia, en insistir na urxencia de depuradora, que este concello fai case todo o seu esforzo inversor en saneamento que vai dirixido a esa depuradora, co cal a necesitamos con urxencia.

13.- ¿Podrían reforzar el sistema de calefacción d el parvulario de Lubre?. Este ano incorporouse un rapaz que require máis coidados, e necesitaríanse elementos máis eficaces.
Sra. alcaldesa: o que haberá que facer é como xa se fixo noutras escolas que están cunhas instalacións eléctricas moi antigas e seguramente haberá que cambiar toda a instalación eléctrica para que poida aguantar de novos radiadores, pero xa se encargou ese estudo e incluso se falou coa profesora. As escolas agora teñen máis radiadores, teñen ordenadores, impresoras, encerados electrónicos, e son escolas antigas con instalacións antigas.

O Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presentou os seus Rogos e Preguntas o día 28 de setembro, co núm. do rexistro de entrada: 7636. O Sr. voceiro do dito grupo, Manuel Parga Fernández, pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:
PREGUNTAS:
1.- Contido das conversas co presidente da Deputación da Coruña, acerca do arranxo da estrada CP-0810.
Sra. alcaldesa: xa comentamos na última sesión que a primeira fase está a piques de rematar o proceso de expropiacións, non hai ningún problema. Respecto á segunda fase do proxecto, na reunión que mantivemos co presidente da Deputación tratamos de axilizar este proceso; de feito a orde foi esa, de darlle continuidade a través da forma que sexa, intentando que non haxa eses atrancos con Patrimonio que existen de sempre pola famosa finca que xa coñecemos todos, e é onde se está atrasando o proxecto, pero se vai a estudar a mellor fórmula para arrancar a partir desa parte.

2.-¿Cales son os orzamentos de gastos dos arranxos nos campos de Cortiñán, Xuncal e pista polideportiva de San Cidre, feitos e por facer nesta anualidade?.
Sra. alcaldesa: a pista de San Isidro, como se dixo no seu momento, se solicitara unha subvención de trinta mil novecentos euros, das que a Xunta de Galicia subvencionou vinte e catro mil setecentos. No campo do Xuncal xa antes do verán, en poñelo todo nivelado e en amañar os postes es as redes, se gastaran sobre dezaseis mil euros; o de Cortiñán aínda non está listo e non lle podo dar cifras, xa que están aparecendo pequenas cousas en obra.

3.- ¿Qué medidas se tomarán en relación ao estado de deterioro e suciedade no lugar de Loureda, por debaixo da urbanización de Baldomir e perto da AP-9.?.
Sra. alcaldesa: houbo unha empresa que foi alí botar unhas ramallas e foi identificada pola policía, pero toda aquilo no seu momento se triturou e se deixou totalmente limpo, pero posteriormente botouse escombro, mazarocas de maínzo, etc., que é o que hai ó día de hoxe, e iso non é ningunha empresa, iso son os veciños, ou ben alguén denuncia porque a viu á persoa infractora, ou se colle no momento, senón para nós é moi difícil identificar a quen o fai; ó final será o concello quen terá que ir cos seus operarios a limpalo, e cargar unha vez máis con cousas das que non é responsable.

4.- Existe unha denuncia feita por un veciño de Mariñán en relación ao recheo dun camiño con escombros. ¿Tense coñecemento desta? ¿Qué medidas se tomarán?.
Sra. alcaldesa: si, é un camiño público que parece ser que un veciño botou alí escombro e tomarase algunha medida.

5.- ¿Cales son as medidas acordadas con Fomento acerca da mellora da seguridade viaria na N-VI, en Bergondo?.
Sr. voceiro: nós temos a resposta a unha pregunta parlamentaria en Madrid que fala dun montón de traballos que se van facer, incluso fala de pasos peonís a distintos niveis.
Sra. alcaldesa: ese é o proxecto primeiro, que se vai demorar.
Sr. voceiro: entón agora o que hai que tomar medidas urxentes; Guísamo, Raxás, Cortiñán, pero tamén no Espíritu Santo, os últimos atropelos foron precisamente aí. Hai que recalcar tamén que aparte dos demáis o Espíritu Santo é unha parte de Bergondo.
Por último eu diría que hoxe debe quedar claro que a alcaldesa conta co apoio de todos os grupos para presionar en que se tomen medidas e que deben ser inmediatas.
Sra. alcaldesa: xa se lle remitiu un escrito tanto a Dirección na Coruña, como a Madrid; non teño inconveniente en emitir outro escrito, se lles parece, asinado por todos os grupos políticos, recalcando que isto é unha necesidade na que estamos todos de acordo.
Sr. voceiro de VB: sería unha boa idea mandalo canto antes.
Sra. alcaldesa: mañá mesmo se lles envía por correo electrónico, e se están de acordo co texto reafirmamos esa solicitude de parte de todos.

ROGOS:
1.- Se realicen as obras para o bombeo nos lugares de Meón e o Outeiro, Bergondiño.
Sr. voceiro: é unha obra que se aprobou no Pleno de marzo de 2008; non é moi custosa, non afecta a moitos veciños, pero pagaron a conexión á traída pero como non hai presión non hai auga, entón pagaron e non reciben o servizo. É unha obra que sen facer unha inversión moi grande, é moi importante.

2.- Se repoña o firme do camiño da Campiña ao Corral da Igrexa.
Sr. voceiro: todos os camiños que se abriron polo saneamento habería que amañalos canto antes.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e trinta minutos, remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario accidental, dou fe.

O secretario accidental

Indalecio Taibo Salorio

V. e Pr.:
A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez